

8. Administración do Parlamento de Galicia

8.2. Persoal

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de decembro de 2008, polo que se modifica o Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia

Á vista das solicitudes de axudas presentadas para sufragar gastos derivados de estudos non obrigatorios dos fillos e das fillas do persoal da Administración da Cámara, a Comisión de Axudas Sociais ten detectado que determinados centros aplican descontos nas tarifas de matrícula e que nestes casos,

as persoas non poden acceder ás axudas porque segundo o Regulamento que regula a súa concesión deben achegar unha declaración xurada de que non perciben. Por este motivo, semella razoable a modificación da letra b) do punto 5 do artigo 5 da citada norma para posibilitar a compatibilidade porque a finalidade da concesión da axuda prevista nese artigo é sufragar os gastos da educación dos fillos, con independencia do onde se cursen os estudos.

Xa que logo, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 17 de decembro de 2008, dispón:

Artigo único. Modificación do artigo 5 do Regulamento de axudas sociais do persoal da Administración do Parlamento de Galicia

Modifícase a letra b) do punto 5 do artigo 5 que queda redactada da seguinte maneira:

“b) No caso doutros estudos oficiais non obrigatorios:

1) Fotocopia do libro de familia onde figure a inscrición do fillo ou da filla que causa o dereito ou, se é o caso, o documento que certifique a adopción ou tutela legal.

2) Fotocopia de matrícula.

3) Declaración xurada da persoa solicitante de que non percibe ningunha axuda por este concepto doutra administración pública.

Porén, para os efectos do previsto nesta letra b), non se considerarán axudas incompatibles as bonificacións ou exencións de pagamento por razóns de excelencia académica, familia numerosa, discapacidade grave, violencia de xénero e violencia terrorista, así como aquelas recoñecidas a determinados colectivos do persoal ao servizo da administración educativa, incluídos os dos centros docentes públicos, sempre e cando a contía total recibida pola persoa beneficiaria non supere os gastos efectivamente realizados.

Disposición transitoria única. Prazo para solicitar axudas

O persoal da Administración do Parlamento de Galicia que á entrada en vigor desta modificación non solicitou a correspondente axuda para os estudos oficiais non obrigatorios dos seus fillos e fillas por ter sido beneficiaria de descontos nas tarifas de matrícula, poderá formalizar a súa petición ata o 31 de xaneiro de 2009.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008

María Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1ª